

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de setembro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Vicente Gómez García D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de setembro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XULLO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xullo de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA PRESENTACIÓN DOS ESCRITOS DE PREPARACIÓN DO RECURSO DE CASACIÓN INTERPOSTO CONTRA A SENTENZA N.º 312/2018, DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (RELATIVA AO CONCURSO ORDINARIO DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE 2016) ASÍ COMO DO DITAME EMITIDO POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE ESTE ASUNTO.-

O **Sr. presidente da Comisión** da conta da presentación dos escritos de preparación do recurso de casación interposto contra a sentenza n.º 312/2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (relativa ao concurso ordinario de provisión de postos de traballo de 2016) así como do ditame emitido pola Universidade de Santiago de Compostela sobre este asunto, e cede a palabra ao secretario para que informe sobre o asunto.

O **Sr. secretario** informa brevemente acerca da dita cuestión, quedando informados os membros da Comisión.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, formula un rogo para que a Deputación Provincial poña a disposición dos deputados os expedientes electronicamente, como xa o fan os empregados públicos da propia Deputación.

O **presidente da comisión** di que habería que ver se é xuridicamente viable.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, pide que se lle informe na seguinte sesión acerca desta cuestión.

O **presidente da comisión**, acepta o dito rogo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pide que conste en acta un rogo que desexa formular sobre como funciona o protocolo nesta casa, porque non é a primeira vez que con respecto ao Concello de Ribadavia o Sr. presidente actúa con total falta de respecto, incorrendo no que cualifica como “*sinvergonzonería institucional*”. Di que o Sr. presidente pode recibir a calquera colectivo ou asociación e que, naturalmente, se recibe a unha entidade de Ribadavia non ten porque invitar ao Sr. alcalde, do mesmo xeito que se o alcalde recibe a esa entidade non ten porque invitar ao Sr. presidente. Pero o que non pode ser é que, sistematicamente, cada vez que se recibe na Deputación Provincial a

unha asociación cultural ou deportiva de Ribadavia se saque unha fotografía cos representantes desa entidade na que aparece o portavoz do grupo municipal popular no Concello cando non se invitou ao alcalde, e pon como exemplo o recentemente sucedido coa Agrupación Musical A Lira de Ribadavia. Pide que conste en acta que o Sr. presidente é un “*sinvergüenza institucional*”, e que conste tamén que el, persoalmente, non ten ningún interese en saír nunha foto ao lado dese señor, pero esixe que, por respecto ao Concello de Ribadavia, non se volva a producir feitos deste tipo porque lle parece algo intolerable desde o punto de vista institucional. Anuncia que reiterará esta petición en Pleno.

O **Sr. presidente** pide que se faga constar en acta o rogo do Sr. Gómez Pérez.

E, ás 17:25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.